

DEPARTAMENTO DE INGLÉS

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2022 – 2023

I.E.S. ALEXANDRE BÓVEDA

ÍNDICE

1. Introducción e contextualización.....	4
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.	5
3. Programación da ESO: Obxectivos.....	8
3.1 Segundo da ESO	
3.1.1 Descrición dos contidos.....	9
3.1.2 Niveis de adquisición dos estándares de aprendizaxe.....	16
3.1.3 Descrición dos estándares de aprendizaxe avaliáveis.....	22
3.1.4 Rúbricas de 2º da ESO.....	25
3.2 Cuarto da ESO	
3.2.1 Contidos, criterios, estándares e indicadores de logro.....	33
3.2.2 Procedementos, instrumentos e rúbricas	63
3.3 Aprendizaxes imprescindibles para adquisición das competencias claves.....	64
4. Programación de 2º Bacharelato. Obxectivos	66
4.1 Contidos, criterios e estándares de avaliación.....	66
4.2 Procedementos e instrumentos de avaliación.....	77
4.3 Aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave en Bacharelato.....	78
5. Temporalización ESO e Bacharelato	81
6. Elementos transversais.....	81
7. Metodoloxía didáctica.....	82
8. Materiais e recursos didácticos.....	83
9. Metodoloxía, actividades, materiais e recursos no suposto de que actividade	

lectiva fose non presencial.....	84
10. Medidas de atención á diversidade.	85
11. Criterios de Avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	86
11.1 Avaliación e recuperación da materia pendente.....	89
11.2 Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas.....	90
11.3 Criterios no suposto da actividade lectiva non presencial.....	90
13. A materia "Reforzo/Afondamento" en 2º Bacharelato.....	91
14. Actividades complementarias e extraescolares.....	92
15. Fomento da lectura.....	93
16. Fomento das TIC.....	94
17. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora.....	95
18. Plan de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso anterior	95
19. Información e publicidade.....	96

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Alexandre Bóveda é un centro creado no ano 1975 sito no barrio de Coia da cidade de Vigo. Do estudio que se levou a cabo para a elaboración do PEC, despréndese que a meirande parte do noso alumnado pertencía á clase traballadora instalada no contorno próximo do barrio, cunha porcentaxe bastante notable de fillos e fillas de traballadores de Citroën e servizos en xeral. Dende entón, os parámetros non teñen variado moito, se ben aínda que a meirande parte do alumnado é galega nótase un incremento importante de alumnos e alumnas procedentes do estranxeiro, sobre todo de Latinoamérica, dalgúns países do este de Europa e de Marrocos. Hoxendía tamén hai máis variedade na procedencia social do alumnado, xa que hai moitos máis pais e nais que exercen profesións liberais.

A composición do departamento e os cursos impartidos por cada profesor é a seguinte:

- María Sánchez Barreiro: 2º ESO
- Clara I. Bouzada Fernández: 4º ESO - 1º Bach - Reforzo/afondamento 1º Bach
- Mercedes Juncal Soage: 1º ESO - 2º ESO
- Begoña Rodríguez Otero: 2º Bacharelato - 4º ESO – Reforzo 2º Bacharelato
- Tania Rodríguez Braga : 2º ESO – 3º ESO - 1º Bacharelato - Reforzo 1º Bach - PDC
- M^a Ángeles Gundín Ozores: 3º ESO - 2º Bach – Reforzo 1º Bach (Xefatura de departamento)

Este curso contaremos cun auxiliar de conversación compartido coa EOI: Frederick Arthur Hankin. A súa colaboración no IES Alexandre Bóveda será dende o día 1 de Febreiro ata o 31 de Maio.

Malia que teñamos que compartir o auxiliar de conversa, como no curso pasado, o alumnado aproveita con máximo rendemento a súa presenza. A persoa auxiliar representa sempre un estímulo para os estudantes e mesmo un apoio básico para o profesorado. O profesorado reservamos determinadas tarefas da programación para levar a práctica contando coa súa colaboración, de xeito que poida ofrecer alguna sesión relacionada coa súa cultura.

É importante sinalar que neste curso, solicitamos á axuda dun profesor de apoio para 4º ESO a través do programa PROA, que a día de hoxe sabemos que está concedido pero non temos de momento máis información.

A programación para os cursos 2º e 4º de ESO, e 2º de Bacharelato está baseada na LOMCE e na normativa vixente: *Resolución do 27 de xullo de 2015*, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xullo) e *Instrucións do 30 de xullo 2020*, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato. Segundo establece no seu Preámbulo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xuño) o currículo “regula a relación entre os obxectivos, os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliáveis e as competencias clave nas diferentes materias”.

Por último, esta programación está desenvolvida a partir destes documentos por todos os membros do departamento e todos os seus aspectos foron discutidos e consensuados. Trátase dunha programación que tenta ser flexible, quedando claro que no caso de que se considere oportuno, pode ser modificada previo acordo do departamento. Estas modificacións quedarán recollidas na Memoria de fin de curso.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

As competencias clave son aquelas que debe desenvolver un alumno ou unha alumna ao longo de todo o ensino obrigatorio (primaria e secundaria) para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida. É dicir, o desenvolvemento e a adquisición das competencias clave realízase ao longo de toda a vida escolar obrigatoria e participan nese logro todas as áreas e materias do currículo xunto coas medidas organizativas e funcionais do centro, imprescindibles para o seu desenvolvemento. Deste xeito, os alumnos e alumnas desenvolverán a capacidade para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

O Proxecto DeSeCo (Definición e Selección de Competencias) indica que competencia quere dicir moito máis que coñecemento e habilidade. Conleva a capacidade para facer fronte ás demandas tan complexas da sociedade actual, poñendo en xogo un abano de recursos psicosociais (que inclúen habilidades e actitudes) apropiados nun determinado contexto. Por exemplo, a habilidade para comunicarse eficazmente dun individuo é una competencia que require non só o coñecemento do idioma, senón tamén a utilización das ferramentas tecnolóxicas e una actitude positiva cara as persoas coas que está a se comunicar.

Dito doutro modo, a adquisición das competencias clave non depende nin dunha materia en concreto, nin dun ciclo educativo determinado. Cada unha das áreas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias clave alcánzase como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias.

A LOE (Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación) introduciu por primeira vez as competencias básicas como elemento do currículo nas etapas obrigatorias (Primaria e Secundaria), tras a *Recomendación sobre las competencias clave para el aprendizaje permanente del Parlamento Europeo* (2006). A LOMCE mantén este elemento dentro do currículo pero dalle un novo enfoque. Ademais cambia a denominación a **competencias clave**, en lugar de competencias básicas.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea como parte do seu Marco Común de Referencia para as Linguas (MCRFL), e de acordo coas consideracións que se acaban de expoñer, identifícanse sete competencias clave:

- C1. Comunicación lingüística (CL)
- C2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- C3. Competencia dixital (CD)
- C4. Aprender a aprender (CAA)
- C5. Competencias sociais e cívicas (CSC)
- C6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)
- C7. Conciencia e expresións culturais (CEC)

Hai competencias nas que a aprendizaxe dunha lingua estranxeira ten especial incidencia. A máis relacionada co aprendizaxe dunha lingua estranxeira é a Competencia lingüística, pero todas elas están interrelacionadas e non se promocionan de xeito aillado.

A **Competencia en Comunicación Lingüística** refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta. Os coñecementos, destrezas e actitudes propios desta competencia permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como dialogar, formarse un xuízo crítico e ético, xerar ideas, estruturar o coñecemento, dar coherencia e cohesión ao discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións, e gozar escoitando, lendo ou expresándose de

forma oral e escrita, todo o cal contribúe ademais ao desenvolvemento da autoestima e da confianza en si mesmo. A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe directamente á adquisición da C1 na medida en que o alumnado adquire e desenvolve as habilidades de escoitar, falar e conversar. Ademais, mellora a C1 ao desenvolver a habilidade para expresarse, oralmente e por escrito, utilizando e comprendendo as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación. Por outra parte, o recoñecemento e a aprendizaxe progresiva de regras de funcionamento do sistema da lingua estranxeira, mellora a adquisición desta competencia.

Aínda que non tan directamente, a aprendizaxe dunha lingua estranxeira tamén contribúe de xeito significativo ao desenvolvemento das outras competencias:

A **Competencia matemática** refírese á habilidade para utilizar números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Ningunha das materias relacionadas coa lingua (lingua castelá, lingua galega, literatura, lingua estranxeira) están directamente implicadas no desenvolvemento da competencia matemática. Non obstante, afirmamos que a C1 permite razoar, argumentar, formular hipótese, deducir, inducir, etc., polo que de xeito indirecto, estamos a favorecer que o alumnado aprenda a interpretar correctamente os enunciados dos problemas matemáticos. Dun xeito máis directo a C2 trabállase na clase de inglés incluíndo actividades que impliquen números: datas, a hora, números romanos, unidades de medida (p. ex. comparacións entre pesos, alturas, extensión...), enquisas con resultados expresados en porcentaxes ou calqueira outro sistema de representación gráfica (*pie charts*, por ex.), cálculo de probabilidade, etc.

As **Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** refírense á habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais coma nos xerados pola acción humana, de modo que facilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias e a actividade dirixida á mellora e preservación das condicións de vida propia, dos demais homes e mulleres e do resto dos seres vivos. Se o alumno ten a capacidade de entender unha mensaxe, escoitar, ler, escribir, etc. será capaz de comprender eses sucesos, de expresar as consecuencias, de entender as opinións dos demais sobre unha acción. Ademais a inclusión de temas relacionados coa xeografía, as ciencias medioambientais, a educación para a cidadanía, etc, aumentan o sentido de responsabilidade e coñecemento do mundo que nos rodea, e a necesidade de preservalo así como de aceptar a diversidade de razas, culturas, relixións, etc.

A **Competencia Dixital** consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Ter acceso á información nin significa aprendizaxe nin coñecemento. Transformar a información en coñecemento significa comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento e saber comunicar a información e os coñecementos adquiridos. É obvio que a lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento da C3 na medida en que o alumnado aprende a comprender un texto (oral ou escrito e en calquera formato), a discriminar o contido máis relevante, a organizar en parágrafos, a producir textos seguindo un modelo pero con distinta información, a resumir, rebater, discutir, compartir esa información. A adquisición da C1 en calquera lingua é fundamental para lograr con éxito ser competente nesta C3. Os libros de texto utilizados polo noso departamento dispoñen dunha páxina web específica para cada curso a través da cal os alumnos e alumnas acceden a distintas actividades e informacións que favorecen a adquisición da C3. Tamén tratamos de utilizar, na medida do posible tendo en conta a escasez de recursos materiais dos que dispoñemos, a aula de informática con materias *on line* diversos.

A **Competencia en aprender a aprender** supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónoma e comporta ter conciencia das capacidades que entran en xogo na aprendizaxe, como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión e a expresión lingüística. Como a linguaxe é o medio de transmisión do pensamento e a ferramenta de aprendizaxe por excelencia, a materia de lingua estranxeira contribúe de

xeito fundamental ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender porque ofrece máis posibilidades e recursos diferentes para comprender, interpretar, expresar opinións ou sentimentos e emocións e formular hipótese de funcionamento da lingua.

A aprendizaxe da lingua inglesa tamén contribúe ao desenvolvemento e adquisición de **Competencias Sociais e Cívicas**. Porque, ademais de ser vehículos de transmisión de coñecemento, as linguas forman parte dunha cultura e serven para comunicarse no ámbito social. A aprendizaxe da lingua inglesa permite coñecer novas culturas, favorece o respecto, o interese e a comunicación con outros aprendices de lingua estranxeira ou con falantes de linguas estranxeiras. E todo iso leva consigo o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento.

O **Sentido da iniciativa e espírito emprendedor** refírese, por unha parte, á adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais e por outra parte, á capacidade de elixir con criterio propio, de imaxinar proxectos, e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais -no marco de proxectos individuais ou colectivos- responsabilizándose deles. O coñecemento dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da C6 porque fomenta o traballo cooperativo na aula e as habilidades sociais (poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar,...) e porque permite o desenvolvemento de iniciativas sobre a planificación, organización e xestión do traballo, propiciando deste xeito a autonomía e iniciativa persoal. O respecto polas opinións dos demais, a organización dos materiais de estudio, e o fomento do traballo cooperativo, entre outros, están presentes en todas as actividades de ensino programadas polo departamento.

A **Competencia en Conciencia e expresións Culturais** supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e desfrute e considéralas como parte do patrimonio dos pobos. Na clase de inglés con frecuencia facemos referencia á cultura de países de fala inglesa (ciudades, escritores, cancións, ocio, festividades, etc, todas elas manifestacións culturais propias dos países dos cales estamos a aprender a lingua) e, polo tanto, contribúen a adquirir a C6 a facilitar a expresión de opinións, gustos e emocións que producen esas manifestacións culturais.

Na etapa post-obrigatoria do Bacharelato, non se determinan competencias básicas específicas, xa que se supón que teñen que ser adquiridas nas etapas anteriores. De todos xeitos, teñen que reforzarse neste nivel polo que a metodoloxía debe sempre favorecer a súa adquisición e mellora.

3. PROGRAMACIÓN DA ESO POR NIVEIS.

Obxectivos da ESO.

Esta etapa contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsabelmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

c) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

d) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e da comunicación.

e) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

f) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

g) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houber, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

h) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

i) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia, propias e alleas, así como o patrimonio artístico e cultural.

j) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos demais, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo a súa conservación e mellora.

k) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

3.1. SEGUNDO DA ESO

3.1.1. Descrición dos contidos.

BLOQUE 1: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS	
Bloque	Contido
B1.1	Uso de estratexias de comprensión das mensaxes orais: <ul style="list-style-type: none">- Uso do contexto verbal e non verbal, e dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.- Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.- Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).- Identificación de palabras clave.- Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece.
B1.2	Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.
B1.3	Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito. ♣ Estratexias de comprensión: <ul style="list-style-type: none">- Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.- Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el. – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).- Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.- Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión dos elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos.- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN

Bloque	Contido
B2.1	<p>Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none">- Planificación:- Identificación do contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción.- Adecuación do texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lingüísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.- Execución:- Concepción da mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.- Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de
	<p>interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</p> <ul style="list-style-type: none">- Expresión da mensaxe con claridade e coherencia, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.- Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles. - Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos - Lingüísticos:- Modificación de palabras de significado parecido.- Definición ou parafraseo dun termo ou dunha expresión.- Petición de axuda ou clarificación.- Paralingüísticos:- Sinalización de obxectos, uso de deícticos ou realización de accións que aclaran o significado.- Uso de linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, e contacto visual ou corporal)- Uso de elementos cuasiléxicos de valor comunicativo (hum, puah, etc.).- Uso de elementos prosódicos (pausas, ritmo, entoación) como substitutos dos marcadores discursivos para indicarlle ao destinatario ou ónte as partes do discurso que deben ser cointerpretadas.
B2.2	<ul style="list-style-type: none">- Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender.- Rutinas ou modelos de interacción básicos segundo o tipo de situación de comunicación propia da súa idade e do seu nivel escolar.
B2.3	<p>Uso básico da quenda de palabra, con indicadores sinxelos de que se quere falar e de recoñecemento do desexo de falar das demais persoas.</p>

BLOQUE 3: COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
Bloque	Contido
B3.1	<p>Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. - Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva). - Identificación do tipo textual básico (narrativo, descritivo ou explicativo), adaptando a comprensión a el. - Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais). - Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto. - Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.
	- Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
B3.2	Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.

BLOQUE 4: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN	
Bloque	Contido
B4.1	<p>Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: - Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.) - Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, información sobre o tema, etc.). - Execución: - Elaboración dun borrador. - Estruturación do contido do texto. - Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global. - Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos e temáticos dispoñibles. - Recurso aos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.). - Revisión: - Identificación de problemas, erros e repeticións. - Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación. - Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra,

	etc.). – Reescritura definitiva.
B4.2	Características textuais: – Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia e cohesión propios do seu nivel escolar.

BLOQUE 5: COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL	
Bloque	Contido
B5.1	<ul style="list-style-type: none"> – Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación. – Sons e fonemas vocálicos. – Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. – Procesos fonolóxicos básicos. – Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.
B5.2	<ul style="list-style-type: none"> – Patróns gráficos e convencións ortográficas. – Uso das normas básicas de ortografía da palabra. – Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.

B5.3	<p>Aspectos socioculturais e sociolingüísticos.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas, de normas de cortesía e de rexistros informais e estándar, así como da linguaxe non verbal máis habitual. – Achegamento a algúns aspectos culturais visibles próximos ao seus intereses (música, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua estranxeira. – Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso. – Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
B5.4	<p>Plurilingüismo.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno. – Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe, e da lingua estranxeira, para lograr unha competencia comunicativa integrada. – Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
B5.5	<p>Funcións comunicativas.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas. – Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades. – Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros. – Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e consellos, advertencias e avisos. – Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida. – Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.
	<ul style="list-style-type: none"> – Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses. – Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.

B5.6	<p>Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a identificación persoal elemental; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras, alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos máis habituais. – Saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións. - Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.
B5.7	Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.

3.1.2. Niveis de adquisición dos estándares de aprendizaxe de cada bloque lingüístico.

Bloque 1. Comprensión de textos orais				
Estándar	4 - Conségueo	3 – Non o consegue totalmente	2 – Conségueo con dificultade	1 – Non o consegue
PLEB 1.1	Comprende fórmulas básicas de relación social e identifica a relación de formalidade entre os interlocutores e o propósito comunicativo.	Comprende algunhas fórmulas básicas de relación social e identifica a maioría das veces, a relación de formalidade entre os interlocutores e o propósito comunicativo.	Non sempre comprende fórmulas básicas de relación social e apenas identifica a relación de formalidades entre os interlocutores ou o propósito comunicativo.	Non comprende fórmulas básicas de relación social nin identifica a relación de formalidades entre os interlocutores nin o propósito comunicativo.
PLEB 1.2	Comprende instrucións e textos breves, que conteñan vocabulario habitual na súa idade e no seu contexto escolar.	Comprende algunhas instrucións e textos breves, que conteñan vocabulario habitual na súa idades e no seu contexto escolar.	Comprende certas instrucións e textos breves, que conteñan vocabulario habitual na súa idades e no seu contexto escolar.	Non comprende instrucións nin textos breves que conteñan vocabulario habitual na súa idade e no seu contexto escolar.
PLEB 1.3	Comprende o esencial en situacións de comunicación, con frases sinxelas e temas habituais para a súa idade, sempre que se fale pausadamente e con claridade.	Comprende apenas o esencial en situacións de comunicación, con frases sinxelas e temas habituais para a súa idade, aínda que se fale pausadamente e con claridade.	Comprende parcialmente o esencial en situacións de comunicación, con frases sinxelas e temas habituais para a súa idade, aínda que se fale pausadamente e con claridade.	Non comprende o esencial en situacións de comunicación, nin frases sinxelas sobre temas habituais para a súa idade aínda que se fale pausadamente e con claridade.
PLEB 1.4	Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos sinxelos ou do seu interese.	Apenas distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e a información relevante en presentacións sobre temas educativos sinxelos ou do seu interese.	Distingue, nalgúns ocasións, co apoio da imaxe, as ideas principais e a información relevante en presentacións sobre temas educativos sinxelos ou do seu interese.	Non distingue, nin co apoio da imaxe, as ideas principais nin a información relevante en presentacións sobre temas educativos sinxelos ou do seu interese.
PLEB 1.5	Identifica o sentido xeral dunha conversa informal espontánea, sobre temas cotiáns e de interese persoal, articulada con claridade e velocidade media.	Identifica, nalgúns ocasións, o sentido xeral dunha conversa informal espontánea, sobre temas cotiáns e de interese persoal, articulada con claridade e velocidade media.	Identifica parte do sentido xeral dunha conversa informal espontánea, sobre temas cotiáns e de interese persoal, articulada con claridade e velocidade media.	Non identifica o sentido xeral dunha conversa informal espontánea, sobre temas cotiáns e de interese persoal, articulada con claridade e velocidade media.
PLEB 1.6	Comprende, nunha conversa informal descrições, peticións de información e expresión dos gustos, cando se lle fala con claridade.	Comprende, nunha conversa informal, algunhas descrições, peticións de información e expresión dos gustos, cando se lle fala con claridade.	Comprende, nunha conversa informal, certas descrições, peticións de información e expresión dos gustos, cando se lle fala con claridade.	Non comprende nunha conversa informal descrições, nin peticións de información ou expresión dos gustos, aínda que se lle fale con claridade.
PLEB 1.7	Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais pronunciadas con lentitude	Identifica parte da información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais pronunciadas con	Identifica certa información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais pronunciadas con lentitude	Non identifica a parte esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais pronunciadas con lentitude

e claridade.	lentitude e claridade.	e claridade.	e claridade.
--------------	------------------------	--------------	--------------

Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción				
Estándar	4 - Conségueo	3 – Non o consegue totalmente	2 – Conségueo con dificultade	1 – Non o consegue
PLEB 2.1	Interactúa nas actividades de aula cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso.	Interactúa nalgunhas ocasións, nas actividades de aula cunha pronuncia en ocasións comprensible e non sempre persevera no seu uso.	Apenas interactúa nas actividades de aula cunha pronuncia non completamente comprensible e nalgunhas ocasións , desiste no seu uso.	Non interactúa nas actividades de aula cunha pronuncia comprensible nin persevera no seu uso.
PLEB 2.2	Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e compañeiras.	Amosa, en ocasións, unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira e manifesta certo interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e compañeiras.	Non sempre amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nin manifesta pleno interese ou respecto polas achegas dos seus compañeiros e compañeiras.	Non amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nin manifesta interese nin respecto polas achegas dos seus compañeiros e compañeiras.
PLEB 2.3	Fai presentacións breves e ensaiadas sobre temas do seu interese e responde a preguntas breves e sinxelas sobre o contido destas.	Fai, nalgunhas ocasións, presentacións breves e ensaiadas sobre temas do seu interese e responde a certas preguntas breves e sinxelas sobre o contido destas.	Apenas fai presentacións breves e ensaiadas, sobre temas do seu interese e non sempre pode responder a preguntas breves e sinxelas sobre o contido destas.	Non fai presentacións breves e ensaiadas sobre temas do seu interese nin responde a preguntas breves e sinxelas sobre o contido destas.
PLEB 2.4	Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, seguindo normas de cortesía básicas, sempre que a persoa interlocutora coopere.	Desenvólvese con certa corrección en xestións e transaccións cotiás, seguindo normas de cortesía básicas, sempre que a persoa interlocutora coopere.	Desenvólvese con dificultade en xestións e transaccións cotiás, seguindo normas de cortesía básicas, sempre que a persoa interlocutora coopere.	Non se desenvolve correctamente en xestións e transaccións cotiás, seguindo normas de cortesía básicas, aínda que a persoa interlocutora coopere.
PLEB 2.5	Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións	Participa, en ocasións, en conversas informais cunha pronuncia non sempre comprensible, intercambia algunha información e expresa algunhas opinións e puntos de vista, fai en certos casos, invitacións e ofrecementos e pide ou dá indicacións.	Apenas participa en conversas informais cunha pronuncia non sempre comprensible; intercambia información con dificultade e non sempre é quén de expresar opinións e puntos de vista , facer invitacións ou ofrecementos ou pedir e dar indicacións.	Non participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible, nin intercambia información nin expresa opinións nin puntos de vista, nin fai invitacións nin ofrecementos, nin pide ou dá indicacións nin discute para realizar unha actividade conxunta.
PLEB 2.6	Colabora coas demais persoas na tarefa da comunicación e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e compañeiras.	Colabora parcialmente coas demais persoas na tarefa da comunicación e manifesta certo interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e compañeiras.	Apenas colabora coas demais persoas na tarefa da comunicación e manifesta escaso interese ou respecto polas achegas dos seus compañeiros e compañeiras.	Non colabora coas demais persoas na tarefa da comunicación nin manifesta interese nin respecto polas achegas dos seus compañeiros e compañeiras.

PLEB 2.7	Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos	Case sempre, toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e	Toma parte, con certa dificultade, nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e	Non toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela nin intercambia información suficiente e básica de carácter persoal e sobre
	ou estudos, sempre que o interlocutor coopere, falando amodo e con claridade.	sobre hábitos, gustos ou estudos, sempre que o interlocutor coopere, falando amodo e con claridade.	sobre hábitos, gustos ou estudos, sempre que o interlocutor coopere, falando amodo e con claridade.	habitos, gustos ou estudos, aínda que o interlocutor coopere, falando amodo e con claridade.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos				
Estándar	4 - Conségueo	3 – Non o consegue totalmente	2 – Conségueo con dificultade	1 – Non o consegue
PLEB 3.1	Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade.	Segue, nalgúns ocasións, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade.	Segue, en certas ocasións, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade.	Non segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade.
PLEB 3.2	Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese.	Entende, parcialmente, os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese.	Apenas entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese.	Non entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese.
PLEB 3.3	Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar sobre temas do seu interese	Entende algunha información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar sobre temas do seu interese.	Entende certa información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar sobre temas do seu interese.	Non entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar sobre temas do seu interese.

PLEB 3.4	Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	Comprende parcialmente correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que de xeito sinxelo, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	Apenas comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que de xeito sinxelo, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	Non comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que , de xeito sinxelo, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.
PLEB 3.5	Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional.	Entende algunha información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal , educativo ou ocupacional.	Entende certa información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal , educativo ou ocupacional.	Non entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional.
PLEB 3.6	Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.	Comprende con relativa fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.	Comprende con escasa fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.	Non comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

Estándar	4 - Conségueo	3 – Non o consegue totalmente	2 – Conségueo con dificultade	1 – Non o consegue
PLEB 4.1	Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura.	Utiliza algunhas estratexias que faciliten o proceso de escritura.	Apenas utiliza estratexias que faciliten o proceso da escritura.	Non utiliza estratexias que faciliten o proceso da escritura.
PLEB 4.2	Escrebe textos moi breves en formato convencional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares.	Escrebe algúns textos moi breves en formato convencional, describindo con certa dificultade situacións, persoas, obxectos e lugares	Escrebe certos textos moi breves en formato convencional, describindo con dificultade situacións, persoas, obxectos e lugares.	Non escribe textos moi breves en formato convencional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares.
PLEB 4.3	Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	Completa parcialmente un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	Completa con dificultade un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	Non completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.

PLEB 4.4	Escrebe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, respectando as convencións e as normas de cortesía.	En ocasións, escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, respectando as convencións e as normas de cortesía.	Apenas, escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, respectando as convencións e as normas de cortesía.	Non escribe notas, anuncios ou mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, respectando as convencións e as normas de cortesía.
PLEB 4.5	Escrebe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información , se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais , se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións e se expresan opinións de xeito sinxelo.	Escrebe algunha correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais , se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións e se expresan opinións de xeito sinxelo.	Escrebe, con certa dificultade, correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais , se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións e se expresan opinións de xeito sinxelo.	Non escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información , se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais , se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións e se expresan opinións de xeito sinxelo.
PLEB 4.6	Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	Fai unha presentación regular dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando con certa corrección as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	Apenas fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando con relativa corrección as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	Non fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

Estándar	4 - Conségueo	3 – Non o consegue totalmente	2 – Conségueo con dificultade	1 – Non o consegue
- B3.4. Identificar as ideas principais, información detallada e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e lingüisticamente complexos, nunha variedade de lingua estándar e que traten de temas tanto concretos como abstractos, mesmo se son de carácter técnico, cando estean dentro do propio campo de especialización ou de interese, nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, sempre que se poidan reler as seccións difíciles.
- B3.5. Recoñecer globalmente e con detalle a liña argumental no tratamento do asunto presentado en xornais, revistas, guías, páxinas web e novelas, e distinguir entre información, opinión e persuasión, así como comprender en textos literarios as relacións entre os personaxes e os motivos que os impulsan a actuar.
- B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos e relacionados cos propios intereses e as necesidades nos ámbitos persoal, público, educativo e laboral ou profesional, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua e escritos sen modismos pouco frecuentes.

Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción

- B4.1. Utilizar estratexias que faciliten un estilo de escritura sinxelo e fluído, evitando o uso de palabras ou estruturas das que non se estea seguro e seguindo adecuadamente o proceso de escritura: planificación do texto, selección das ideas pertinentes ao propósito comunicativo, presentación das ideas segundo o tipo de texto, organización adecuada en parágrafos, e revisión da coherencia, a cohesión, a ortografía, a puntuación e as concordancias.
- B4.2. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos ben estruturados e de certa lonxitude; por exemplo, integrando de maneira apropiada información relevante procedente de fontes diversas, ou reaxustando o rexistro ou o estilo (incluíndo léxico, estruturas sintácticas e patróns discursivos) para adaptar o texto ao destinatario e ao contexto específicos.
- B4.3. Escribir, en calquera soporte, textos ben estruturados sobre unha ampla serie de temas relacionados cos propios intereses ou a especialidade, facendo descrições claras e detalladas; sintetizando información e argumentos extraídos de diversas fontes e organizándoos de maneira lóxica; e defendendo un punto de vista sobre temas xerais, ou máis específico, indicando os proles e os contras das opcións, utilizando para iso os elementos lingüísticos adecuados para dotar o texto de cohesión e coherencia, e manexando un léxico adaptado ao contexto e ao propósito comunicativo que se persegue.
- B4.4. Planificar e articular o texto escrito segundo a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias en cada caso, seleccionando os expoñentes das devanditas funcións segundo os seus matices de significación, e os patróns discursivos dos que se dispón para presentar e organizar a información, deixando claro o que se considera importante (por exemplo, mediante estruturas enfáticas), ou os contrastes ou as digresións con respecto ao tema principal.
- B4.5. Elaborar resumos e notas recapitulativas, con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.
- B4.6. Presentar os textos escritos de maneira coidadosa (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.), en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

- B5.1. Discriminar e reproducir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, axustándose debidamente a algunha variedade estándar da lingua, e selecciónalos en función das propias intencións comunicativas, incluíndo a expresión sinxela da ironía e do humor.
- B5.2. Axustarse con consistencia aos patróns ortográficos, de puntuación e de formato de uso común, e algúns de carácter máis específico.
- B5.3. Distinguir a función ou as funcións comunicativas principais e secundarias do texto, como implicacións facilmente discernibles, e apreciar as diferenzas de significación de distintos expoñentes destas, así como distinguir os significados e os propósitos xerais asociados ao uso de patróns discursivos típicos polo que respecta á presentación e á organización da información (entre outros, o reforzo ou a recuperación do tema; a topicalización, pondo o tema da oración ao principio, como por exemplo en "Diso non quero falar"; contraste, digresión ou recapitulación).
- B5.4. Integrar na propia competencia intercultural, para producir textos orais e escritos ben axustados ao contexto específico, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis relevantes da lingua e culturas meta relativos a costumes, usos, actitudes, valores e crenzas, e superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias, e os estereotipos, demostrando confianza no uso de diferentes rexistros ou outros mecanismos de adaptación contextual, e evitando erros serios de formulación ou presentación textual que poidan conducir a malentendidos ou situacións potencialmente conflitivas.
- B5.5. Coñecer e saber seleccionar e utilizar léxico oral e escrito común e expresións e modismos de uso habitual, e máis especializado segundo os propios intereses e as necesidades no ámbito persoal, público, educativo e laboral ou profesional, así como un reducido repertorio de palabras e expresións, e as connotacións máis discernibles, que permita un uso humorístico, poético ou estético sinxelo do idioma.
- B5.6. Coñecer coa profundidade debida e aplicar eficazmente á comprensión do texto os coñecementos sociolingüísticos relativos á estruturación social, ás relacións interpersoais en diversos contextos (desde informal ata institucional) e as convencións sociais (incluíndo crenzas e estereotipos) predominantes nas culturas en que se utiliza a lingua meta, así como os coñecementos culturais máis relevantes (por exemplo, históricos, xeográficos, literarios ou artísticos), que permitan captar as alusións máis directas sobre estes aspectos que poida conter o texto.
- B5.7. Resumir ou parafrasear un texto para facelo intelixible a quen necesite desta mediación por descoñecemento ou coñecemento insuficiente da lingua meta.
- B5.8. Utilizar o coñecemento sociocultural sobre o modo de vida da comunidade que é obxecto de estudo e as diferenzas esenciais entre as prácticas, os valores e as crenzas desa comunidade e as propias, para facer un texto comprensible a unha persoa interlocutora que descoñece a lingua estranxeira, e resolver posibles malentendidos e conflitos interculturais.
- B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

Estándares

BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS.

PLEB1.1. Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais).

PLEB1.2. Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates relativamente extensos e animados entre varias persoas interlocutoras que teñen lugar na súa presenza, sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.

PLEB1.3. Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista das persoas interlocutoras, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor.

PLEB1.4. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos.

PLEB1.5. Comprende a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen o discurso e guíen a comprensión.

PLEB1.6. Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación, relativo a temas de interese persoal, identificando o estado de ánimo, o ton e mesmo o humor do falante, sempre que o discurso estea articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar e a velocidade normal.

BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS.

PLEB2.1. Diferencia adecuadamente a produción do texto oral espontáneo (sintaxe limitada, estratexias de compensación, negociación do significado co interlocutor, etc.) do planificado, e considera as características que este comparte coa lingua escrita (planificación, redundancia informativa, elementos de cohesión, etc.).

PLEB2.2. Fai presentacións de certa duración sobre temas do seu interese educativo ou relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), cunha estrutura clara que axuda os oíntes a fixérense nos aspectos máis importantes, e demostrando seguridade á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal.

PLEB2.3. Participa con soltura en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente aos sentimentos que expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante elas; expresa con convicción crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica de maneira persuasiva as súas opinións e proxectos.

PLEB 2.4. Toma parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas, reunións e debates de carácter educativo ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; explicando os motivos dun problema complexo e pedindo e dando instrucións ou suxestións para resolvelo; desenvolvendo argumentos de forma comprensible e convincente e comentando as contribucións dos interlocutores; opinando e facendo propostas xustificadas sobre futuras actuacións.

PLEB2.5. Participa na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos.

PLEB2.6. Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas, reaccionando ante unha resposta que non entenda, e interactuando para pedir repeticións e confirmar a comprensión mutua.

BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

PLEB3.1. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal (por exemplo, carteis, folletos, pancartas ou grafiti), educativo (por exemplo, carteis científicos) ou profesional (por exemplo, boletíns informativos ou documentos oficiais).

PLEB3.2. Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos que se transmiten e se xustifican de xeito detallado información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e dentro da súa área de interese.

PLEB3.3. Comprende instrucións extensas e complexas dentro da súa área de interese ou a súa especialidade, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre instrumentos de medición ou de procedementos científicos).

PLEB3.4. Comprende os detalles relevantes e as implicacións de correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos, sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e educativo, dentro da súa área de interese ou a súa especialidade.

PLEB3.5. Entende, en textos de referencia e consulta, en soporte tanto impreso como dixital, información detallada sobre temas da súa especialidade nos ámbitos educativo ou ocupacional, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos informativos oficiais, institucionais ou corporativos.

PLEB3.6. Comprende a información, as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan dunha variedade de temas de actualidade ou máis especializados, tanto concretos como abstractos, dentro da súa área de interese, e localiza con facilidade detalles relevantes neses textos.

PLEB3.7. Comprende os aspectos principais, detalles relevantes, algunhas ideas implícitas e o uso poético da lingua en textos literarios que presenten unha estrutura accesible e unha linguaxe non moi idiomática, e nos que o desenvolvemento do tema ou da historia, os personaxes centrais e as súas relacións, ou o motivo poético, estean claramente sinalizados con marcadores lingüísticos doadamente recoñecibles.

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.

PLEB4.1. Escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento e as conclusións dun experimento, sobre un intercambio lingüístico, unhas prácticas ou un traballo de investigación), ou menos habituais (por exemplo, un problema xurdido durante unha estadía no estranxeiro), desenvolvendo un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as desvantaxes de varias opcións, e achegando conclusións xustificadas.

PLEB4.2. Describe un tema, un texto, un suceso ou un evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas partes ou circunstancias, e ofrecendo unha opinión persoal argumentada.

PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para matricularse nunha universidade, solicitar un traballo, abrir unha conta bancaria ou tramitar un visado).

PLEB4.4. Escribe, en calquera soporte ou formato, un currículo detallado, xunto cunha carta de motivación (por exemplo, para ingresar nunha universidade estranxeira, ou presentarse como candidato/a a un posto de traballo).

PLEB4.5. Toma notas co suficiente detalle durante unha conferencia, unha charla ou un seminario, e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas, sempre que o tema estea relacionado coa súa especialidade e o discurso estea ben estruturado.

PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e opinións sobre temas persoais, educativo ou ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía.

PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal, en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs, transmitindo emoción, resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias, e comentando de maneira persoal e detallada as noticias e os puntos de vista das persoas ás que se dirixe.

PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais de carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, describe a súa traxectoria educativa ou profesional e as súas competencias, e explica e xustifica co suficiente detalle os motivos das súas accións e dos seus plans (por exemplo, carta de motivación para matricularse nunha universidade estranxeira, ou para solicitar un posto de traballo), respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.

BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL.

PLEB5.1. Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático.

PLEB5.2. Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación. PLEB5.3. Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural. PLEB 5.4. Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación.

PLEB5.5. Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan.

PLEB5.6. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e reconece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.

PLEB5.7. Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta.

PLEB5.8. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.

PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

4.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DE 2º DE BACHARELATO

		procedementos e instrumentos de avaliación	ponderación	Rúbricas de avaliación			
				En proceso	aquirido	avanzado	excelente
Bloque 1	comprensión de textos orais	exercicios de comprensión auditiva	10,00%				
Bloque 2	producción de textos orais	exercicios de produción oral e práctica fonética	15,00%				
Bloque 3	comprensión de textos escritos	- exercicios de lectura comprensiva - libros de lectura obrigatoria	30,00%				
Bloque 4	producción de textos escritos	elaboración de textos escritos	40,00%				
Bloque 5	Deberes	diferentes actividades que fomenten o uso de patróns fonéticos, ortográficos e de puntuación, léxicos e sintáctico-discursivos para entender e usar diferentes patróns discursivos	5%				
	Observación na aula	Diferentes tipos de actividades nas que o alumno amose unha atitude positiva con respecto á lingua, apreciando a riqueza persoal e social de poder ser plurilingüe					
TOTAL			100,00%				

	Niveis de adquisición			
	non adquirido	adquirido	ampliamente adquirido	excelente
BLOQUE 1. COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS.	Non responde ou faino erroneamente.	Suficiente para desenvolver a tarefa	Desenvolve todos os puntos con relativa facilidade	Desenvolve todos os puntos con facilidade e reconece ironía e aspectos complicados da lingua
BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS.	Mostra da lingua insuficiente para avaliar. Incomprensible. Non desenvolve todos os puntos Discurso pouco fluído.	Expresa con suficiente claridade os argumentos e relaciona as ideas.	Expresa ben os argumentos e relaciona as ideas cunha variedade de conectores propios do nivel.	Expresase con facilidade. Moi bo control gramatical e léxico. Pronuncia moi clara. Discurso moi fluído no seu nivel.
BLOQUE 3. COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.	Non entende e mostra da lingua insuficiente para avaliar. Argumentos insuficientes e pouco claros. Erros gramaticais e léxicos que dificultan a comprensión.	Desenvolve os argumentos de forma suficientemente clara e precisa. Control gramatical e léxico suficiente en estruturas propias do nivel.	Desenvolve todos os puntos de forma clara. Bo control léxico e gramatical. Risco tomado desenvolvendo algunha estrutura.	Desenvolve todos os puntos relacionando claramente as ideas. Risco tomado desenvolvendo muitas estruturas. Ben organizada. Risco tomado desenvolvendo muitas estruturas
BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS.	Non responde a tarefa. Contido sin organizar. Ningunha cohesión, o que fai difícil a comprensión. Estructuras muy sinxelas. Nivel baixo de exactitude .Vocabulario axeitado a tarefa.	Adecuase a tarefa. Cohesión satisfactoria aínda que pode haber inexactitudes no vocabulario.	Boa resposta á tarefa. Cohesión. Uso de estruturas complexas, axeitadas ao nivel.	Resposta relevante e axeitada á tarefa. Satisfactoria cohesión que leva á comunicación efectiva. Risco tomado desenvolvendo estruturas máis complexas.
BLOQUE 5 COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INTERCULTURAL	Non comunica con eficacia e coñecemento dos elementos culturais. Non sabe expresar ironía e humor. Descoñece os matices de sentido, rexistro e opinión, sen ser quen de valorar a súa competencia como persoa plurilingüe	Comunica con suficiente eficacia e coñecemento dos elementos culturais. Pode expresar un certo grado de ironía e humor. Da mostras de coñecer os matices de sentido, rexistro e opinión, valorando o ser plurilingüe	Comunica con eficacia e coñecemento dos elementos culturais. Pode expresar ironía e humor. Reconece os matices de sentido, rexistro e opinión, valorando a súa competencia como persoa plurilingüe	Comunica con perfecta eficacia e coñecemento dos elementos culturais. Pode expresar de xeito moi axeitado a ironía e o humor. Coñece ampliamente os matices de sentido, rexistro e opinión, valorando sempre a súa competencia como persoa plurilingüe

4.3 APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES PARA A ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE EN 2º DE BACHARELATO

Criterio de Avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
<p>Bloque 1.</p> <p>Comprender presentacións orais e conversacións formais e informais de certa duración, cotiás e menos habituais, con información detallada e recoñecer os significados e as intencións comunicativas expresadas de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos cando a articulación é clara.</p>	<p>Escoita conversacións formais ou informais con información detallada e de certa duración relacionadas con temas das unidades, temas socioculturais e inter- curriculares e distingue patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</p>	<p>CCL, CSC</p>
<p>Bloque 2.</p> <p>Facer presentacións e participar con eficacia en conversacións formais e informais facendo un uso consciente dos patróns sonoros acentuais, rítmicos e de entoación de carácter xeral, para expresar distintos significados segundo as demandas do contexto, amosando a fluidez necesaria para manter a comunicación e garantir o obxectivo comunicativo principal.</p>	<p>Fai presentacións, desenvólvese con eficacia e amosa fluidez en conversas, fala sobre temas socioculturais, intercurriculares ou do seu interese e tamén relacionados coas unidades e realiza xestións de maneira efectiva, facendo un uso consciente dos patróns sonoros acentuais, rítmicos e de entoación de carácter xeral.</p>	<p>CCL, SIE, CSC, CMCT</p>
<p>Bloque 3.</p> <p>Entender o sentido xeral, os puntos principais e a información relevante de diferentes tipos de textos escritos dunha certa extensión e complexidade.</p>	<p>Le e identifica o sentido xeral e a información relevante en diferentes tipos de textos como cartas, artigos xornalísticos ben estruturados e de certa lonxitude, nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese, redactados nunha variante estándar da lingua e utiliza diferentes estratexias para comprender o texto, como a identificación da intención</p>	<p>CCL CSC</p>

	<p>comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais ou o uso do contexto e a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados.</p>	
<p>Bloque 4.</p> <p>Redactar textos de diferentes tipos facendo descrições co suficiente detalle; redactando en palabras propias, e organizando de maneira coherente, información e ideas extraídas de diversas fontes, e xustificando as propias opinións sobre temas xerais, ou máis específicos, utilizando elementos de cohesión e coherencia e un léxico de uso común, ou máis específico, segundo o contexto de comunicación, así como as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de conexión.</p>	<p>Produce habitualmente textos coherentes, con cohesión e adecuados aos fins funcionais, con razoable corrección tanto ortográfica como de puntuación, na orde das palabras e na presentación do escrito (marxes, espazos de interliña, uso de maiúsculas e minúsculas, escribe un currículo detallando e ampliando a información que considera relevante en relación co propósito e o destinatario específicos ou cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas, etc.</p>	<p>CCL, CSC, CEEC, SIE</p>

5. TEMPORALIZACIÓN

2º ESO

TRIMESTRE	UNIDADE	Nº APROX. SESIÓNS
1º	Starter, 1, 2	30
2º	3,4	30
3º	5,6	30

4º ESO

TRIMESTRE	UNIDADE	Nº APROX. SESIÓNS
1º	Starter, 1, 2, 3	30
2º	4, 5, 6	30
3º	7, 8, 9	30

2º Bacharelato

TRIMESTRE	UNIDADE	Nº APROX. SESIÓNS
1º	Starter, 1, 2	30
2º	3, 4	30
3º	5,6	30

6. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

As profesoras do departamento de inglés participan activamente nas iniciativas que se propoñen dende a dirección e o departamento de orientación para promover unha convivencia axeitada entre todos os membros da comunidade educativa, fomentando as actitudes de respecto ao profesorado e aos compañeiros e compañeiras tanto nas clases de inglés como cando exercen a súa labor de titoría. Dentro dos temas que se tocan nas diversas unidades didácticas (tanto co material dos libros de texto como doutras fontes variadas) se incorporan *Life Skills*: coñecementos e habilidades básicas para a vida, por exemplo: como evitar o acoso escolar e a

través de medios informáticos, a aceptación das diferenzas de raza, orientación sexual, relixión, etc como norma básica de convivencia, etc.

Dentro da programación específica por niveis e por unidades didácticas, en cada unidade se detalla a súa contribución aos distintos temas transversais que se traballan na aula de inglés, común para todas as áreas do currículo:

- Educación para a paz
- Educación para a non discriminación
- Educación para a saúde
- Educación moral e cívica
- Educación para consumo
- Educación vial
- Educación ambiental
- Educación contra a violencia de xénero

Ademáis se traballan temas relacionados coas outras materias do currículo, sobre todo as ciencias sociais (vendo aspectos relacionados coa xeografía e historia dos países angloparlantes), pero tamén outros como son a literatura, o deporte, a música, as ciencias medioambientais, etc. nas Seccións Bilingües (EPV de 3º e matemáticas en 2º, 3º e 4º ESO), esta materia tamén se imparte en inglés.

A transversalidade tamén está presente nas clases de inglés cando se participa en proxectos comúns de centro.

7. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

O concepto de lingua como elemento de comunicación ten feito que o ensino dunha lingua estranxeira (L2) se oriente cara ás metodoloxías máis próximas á vida real. O ensino-aprendizaxe dunha L2 é agora máis individualizado: téñense en conta as características e os estilos de aprendizaxe, as características da tarefa, a dinámica de aula, as actitudes que facilitan a aprendizaxe, etc.

Esta programación axústase aos parámetros marcados polo Marco Común Europeo de Referencia sobre as Linguas (MCERL), que recomenda o uso do **enfoque comunicativo** e sobre todo do máis recente desenvolvemento dese enfoque, o enfoque por tarefas.

Os principios metodolóxicos nos que se sustenta o enfoque comunicativo son:

Individualización. Ten en conta as diferenzas persoais que inflúen no rendimento escolar.

Atención ás diferenzas: Hai que ter en conta os diversos estilos de aprendizaxe, sen esquecer que, como docentes, tamén temos estilos diferentes de ensino.

Constructivismo. Concibe o proceso de ensino-aprendizaxe como a construción de estruturas cognitivas que se inician na acción. Os coñecementos previos son sempre a base sobre a que se apoian os novos.

Autonomía. Os alumnos teñen que aprender a traballar de forma independente e a tomar decisións por si mesmos e tamén teñen que adquirir as estratexias necesarias para que a aprendizaxe continúe fóra da aula sen a súa dirección.

Descubrimento. O alumno consegue información e produce nova formación coa orientación da profesora.

Significación. Establécense relacións sustantivas entre o novo coñecemento e as estruturas cognitivas.

Cooperación. A cooperación ten que ser a base da relación na aula. O alumnado debe ser educado para a sociedade, polo tanto é importante a interacción cos compañeiros.

Énfase na comunicación: tanto oral como escrita, e utilizando todos os novos medios dos que agora dispomos, as TIC.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os libros de texto escollidos polo departamento presentan a metodoloxía e recursos didácticos, os obxectivos, contidos, criterios e estándares de avaliación requeridos, así como a necesaria atención á diversidade, e foron considerados como os máis axeitados entre a ampla escolla dispoñible. A decisión de utilizar o libro de exercicios ou *Workbook* queda suscrita ao criterio de utilización de cada profesor/a do grupo correspondente, polo que se lle indicará ao alumnado a necesidade de telo ao comezo do curso.

2º ESO: Linda Marks & Emily Devlin : *Way to English 2*, Burlington Student's Book e Workbook, 2016

4º ESO: Catherine McBeth, *Pulse 4*, Macmillan Student's Book e Workbook, 2014

2º BACH: Ben Wetz & Katrina Gormley, *Key to Bachillerato 2*, Student's Book e Workbook, Oxford, 2016

Os libros van acompañados dos respectivos cadernos de traballo (aínda que a súa utilización e a obriga do alumno-a de levalo á aula ou completalo na casa, queda a criterio do profesorado encargado do grupo) e outros materiais como CDs, CDRoms, DVDs, Interactive Whiteboard e todos os novos materiais *on line* que as editoriais poñen a disposición do alumnado e do profesorado nas súas páxinas web.

Todos os libros de texto ofrecen a linguaxe e a gramática necesarias para realizar os exercicios de expresión oral e escrita propostos. Hai textos baseados en material auténtico, algúns

deles relacionados con temáticas doutras áreas curriculares. Algúns exercicios interdisciplinares e culturais están integrados nas propias unidades; isto proporciona unha forma natural de conectar a aprendizaxe do inglés co mundo real.

A gramática preséntase nun contexto actual tanto no oral coma no escrito.

As páxinas dedicadas ás habilidades proporcionan unha gran variedade de tarefas comunicativas que permiten que o alumnado practique a linguaxe funcional útil en distintas situacións da vida real. Algúns dos métodos inclúen “communication videos” para o ensino da lingua funcional e a práctica oral; “slideshows”, “extra-reading” – sección cultural e interdisciplinar; “writing reference”, que inclúe unha guía de escritura.

As orientacións da Unión Europea insisten na adquisición das competencias clave por parte da cidadanía, como condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posíbel o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento.

Pero, aínda que se utilicen libros de texto , é necesario complementar os materiais propostos con outros recollidos de fontes diversas. Trátase de que exista equilibrio entre os cinco bloques de contidos (comprensión oral, comunicación oral, comprensión escrita, comunicación escrita, e reflexión sobre a lingua e aspectos socioculturais); polo tanto, cada profesor/a pode escoller materiais e actividades que complementan os bloques que considere menos atendidos no libro de texto, utilizando para este fin revistas, videos, libros de lectura, cancións, outros libros de texto, páxinas web, recursos en internet, etc.

Tamén é preciso, ocasionalmente, modificar as propostas do libro de texto, prescindindo de materiais ou actividades que non se consideren axeitadas, cambiando o seu enfoque, a orde de presentación e mesmo eliminando ou engadindo contidos, aínda que sempre tendo en conta os acordos do departamento e sen que afecte dun xeito importante á programación xeral de inicio de curso.

9. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES, MATERIAIS E RECURSOS NO SUPOSTO DE QUE ACTIVIDADE LECTIVA FOSE NON PRESENCIAL

METODOLOXIA e ACTIVIDADES	
ACTIVIDADES	Traballaranse as competencias dos bloques 1,2,3,e 4 fundamentalmente: <ul style="list-style-type: none">• Comprensión oral: a través de vídeos de actualidade e audios con actividades de comprensión.• Expresión oral: o alumnado gravará audios e vídeos curtos nos que falen dos temas básicos do currículo• Comprensión escrita: textos adaptados de medios de comunicación, redes sociais, webs especializadas en aprendizaxe de inglés, con actividades de comprensión.• Expresión escrita: redacción de emails, presentacións, descricións, narracións

METODOLOXÍA	Clases por videoconferencia a través de Webex, traballo e tarefas na Aula Virtual do IES, traballo e tarefas nas plataformas e páxinas web dos libros dixitais, entrega, recollida e retorno por medio do correo electrónico se fose necesario.
MATERIAIS E RECURSOS	Libro de texto, libro dixital, workbook ,workbook dixital, plataformas e páxinas web das editoriais dos seus libros dixitais, material de outras páxinas web (British Council, BBC, Teen Learning, one-stop- English) prensa, plataformas de audio e video.

10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Todos os textos escollidos para usar nas aulas teñen unha metodoloxía ecléctica, xa que se esperan varios estilos de aprendizaxe por parte dos alumnos/as.

Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e para retelas, sen que iso sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos os alumnos poden alcanzar un nivel mínimo, independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada quen.

As actividades do *Student's Book* e do *Workbook*, a través dunha reciclaxe continua de estruturas e de vocabulario, por unha banda ofrecen amplas oportunidades de reforzo aos alumnos/as con menos capacidade e por outra facilitan a ampliación da materia para os que teñen máis nivel.

A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, xa que depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que teña ata ese momento e, por outra banda, do proceso de aprendizaxe seguido. Isto influirá notabelmente, tanto no nivel de motivacións individuais, coma na forma máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos.

Existen moitos tipos de investigacións sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma. Como é ben sabido, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Algúns alumnos poden reaccionar moi rapidamente e non obstante necesitar varios intentos para asimilaren unha idea, mentres que outros poden traballar máis a conciencia e aprender máis amodo, conseguindo o mesmo resultado. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas gramaticais, no *Student's Book* o alumnado atopa breves explicacións e exemplos coa estrutura gramatical concreta, seguidos de exercicios, para poñer en práctica a gramática aprendida. Isto complétase con táboas gramaticais, e o apéndice gramatical dalgún *Workbook*, que lles axudan a aprender e a repasar o presentado paso a paso. Os textos tamén contan cunha atención especial á “modalidade sensorial preferente” dos alumnos/as (visual, auditiva ou quinesiolóxica), é dicir, ás posíbeis formas de levar á práctica o aprendido.

O esforzo por aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo. Nos métodos escollidos o alumnado atopa unha gran variedade de temas, e materiais para atender aos distintos niveis de coñecemento e estilos de aprendizaxe. Hai actividades graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control, tanto no *Student's Book* coma no *Workbook*. Ao final de algúns *Student's Book* hai un apéndice con táboas gramaticais e exercicios, un apéndice de pronunciación con exercicios adicionais e unha lista de verbos irregulares, e ao final do algúns *Workbook* un glosario, así como un apéndice gramatical e unha guía de escritura na lingua propia dos alumnos/as, para os que necesiten apoiarse máis na presentación teórica.

Nos *Workbook* inclúese unha gran variedade de exercicios graduados para practicar máis intensamente a gramática e o vocabulario, en ocasións un ditado, unha sección de comprensión, un exercicio de tradución inversa, e expresión escrita e actividades para que os alumnos/as máis avanzados practiquen cada punto nun nivel máis elevado. Tamén ás veces páxinas de repaso por unidade que permiten atender á diversidade.

Asemade, este curso contamos coas **seccións bilingües** de 2º ESO, 3º ESO e 4º de ESO na materia de Matemáticas, e 3º ESO en Educación Plástica e Visual, para alumnado que pode asumir o reto de traballar conceptos novos nun idioma estranxeiro.

Este curso, coa colaboración do **auxiliar de conversa**, poderemos fomentar dun xeito especial as competencias e destrezas de carácter oral e cultural.

11. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e o éxito dos obxectivos da etapa, nas avaliacións continua e final das disciplinas dos bloques de materias troncais e específicas, serán os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que figuran nas páxinas anteriores.

A avaliación será:

Continua, xa que cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, axiña que se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindíbeis para continuar o proceso educativo.

Tamén se debe avaliar o progreso dos alumnos/as nun período de tempo, é dicir, facer unha **avaliación formativa** (instrumento para a mellora, tanto dos procesos de ensino coma dos procesos de aprendizaxe). Se un alumno/a que ten un nivel baixo ve como progresa e que o seu esforzo é tido en conta a pesar de non chegar ao aprobado, sentirase máis motivado para continuar traballando e tratar de conseguilo. Isto faise aínda máis patente na clases heteroxéneas onde os alumnos/as de máis baixo nivel sempre obteñen notas baixas, especialmente se son comparados constantemente con alumnos/as máis avantaxados. Se a nota final inclúe un compoñente de progreso, será un factor especialmente motivador.

As **ferramentas de avaliación formativa** poden ser as tarefas, a participación, o comportamento e a actitude en xeral, o traballo colaborativo, en parellas e en grupos, o caderno e o progreso nas destrezas de *listening*, *speaking*, *reading* e *writing* a través de probas ou exames por unidade ou grupos de unidades seguindo o libro de texto. O alumnado é informado a principio de curso do modo e canto contan os criterios de avaliación nas súas notas.

A **autoavaliación** é un bo modo de que o alumno/a sexa consciente, tanto do seu progreso coma das súas carencias ou necesidades, contribuindo así a desenvolver a súa autonomía e a responsabilidade da súa aprendizaxe. Nalgúns dos libros de texto escollidos os estudantes poden atopar exercicios para poñer en práctica as destrezas de escritura (sección *Writing*), para que traduzan da súa propia lingua ao inglés, e para que teñan a oportunidade de avaliar o seu progreso . Así mesmo, nalgúns textos hai unha sección *Review* ao final de cada trimestre para que os alumnos/as practiquen o vocabulario e a gramática aprendidos nas unidades anteriores.

Hoxe en día, téndese cada vez máis a animar ao alumnado a preparar un *portfolio* do seu traballo, un documento no que se recollen o seu estilo de aprendizaxe, os seus obxectivos para mellorar, as probas dos seus progresos e un rexistro dos seus contactos con falantes nativos, ou os seus intercambios culturais. Con este fin, algún dos métodos inclúe o desenvolvemento dun *Portfolio*, no que os alumnos/as poden rexistrar as súas experiencias de aprendizaxe da lingua e cultura inglesa e reflexionar sobre elas. O marco de referencia europeo proporciona unha base común para a aprendizaxe, o ensino e a avaliación de linguas en toda Europa e, sobre todo, mellorará a capacidade de autoavaliación do alumnado.

O alumno/a, de forma autónoma, poderá non só repasar ou reforzar os coñecementos que vaia adquirindo en cada unidade, a través das actividades de práctica co apoio do libro de texto, o cuadernillo de traballo ou as aulas virtuais de cada profesora, senón tamén mellorar a súa comprensión oral cos textos e diálogos incluídos nas mesmas, así como practicar a expresión oral. Con iso tamén se pretende que teña a posibilidade de estar en contacto coa lingua inglesa en calquera momento e que non se vexa limitado ás horas escolares para a súa aprendizaxe. Se se toma en serio, a autoavaliación pode ser un elemento moi motivador.

O departamento decide que se poderán realizar unha ou dúas probas escritas como mínimo en cada trimestre. Asemade, terase en conta o uso do inglés na aula, o traballo diario e a actitude ante a lingua . Contémplase ademáis, a posibilidade de realizar un exame oral final se o profesor o estima necesario para o seu grupo, e unha proba trimestral da competencia oral do alumnado. No caso de 2º de Bacharelato, suxeito ás directrices das probas da ABAU, a competencia da oralidade avalíase tamén tendo en conta a parte de fonética.

A nota final de curso terá en conta as notas das tres avaliacións, non entanto - por tratarse de avaliación continua – o profesorado valorará o progreso do alumnado, polo que consideran a última avaliación a máis importante aínda que non suficiente por sí mesma para aprobar. Deste xeito, aplícase a seguinte ponderación:

1ª avaliación: 25% da nota final
2ª avaliación: 35% da nota final
3ª avaliación: 40% da nota final

Por outra banda, cada profesor pode convocar probas de recuperación das avaliacións pendentes se así o estima necesario nos seus cursos.

No caso concreto de 2º de Bacharelato, o profesorado esixirá sempre un xustificante médico para as ausencias as probas avaliáveis, e só se poderán realizar en outra data se o profesor estima que a xustificación é oficial e válida.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres e a materia estará superada cando se acade unha cualificación igual ou superior a cinco.

Neste curso lévase a cabo unha adaptación da concrección curricular baseada na orde do 27 de decembro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, e se determina que a terceira sesión de avaliación deberá coincidir coa sesión de avaliación final.

Deste xeito, o alumnado da ESO acudirá ao centro ata o día 21 de xuño, e no caso da materia de Lingua Inglesa o departamento contempla a avaliación continua dentro dos parámetros de ponderación sinalados anteriormente e ata dito día 21 de xuño.

En 2º de bacharelato, o período abranguido dende a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, adicarase á preparación dos exames de ABAU e das probas extraordinarias. Estas últimas celebraránse na data que se publicará no calendario oficial de probas extraordinarias no centro.

Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º de BACH (preparación probas extraordinarias avaliación de acceso á universidade)	
Metodoloxía	Interactiva e enfocada á práctica de exames tipo ABAU, resolución de dudas e reforzo de contidos de complexidade para o alumnado.
Actividades tipo	Práctica de fonética, lectura comprensiva de textos, transformacións gramaticais e elaboración de resumo e ensaio de diversa índole (<i>a discussion essay, an opinion essay, a review, a covering letter, a biography, a narrative, a formal e an informal e-mail</i>).
Materiais e recursos	Práctica sobre exames tipo proporcionados a través da páxina da CIUGA, material de audio e video para práctica da fonética incluídos na Aula Virtual, material de traballo incluído na sección de <i>Exam practice, Writing reference, word-building e phrasal verb reference</i> no <i>Students 'book Key 2</i> , exercicios proporcionados pola plataforma da editorial, <i>workbook</i> , material de diversas páxinas web (<i>British Council, BBC, Teen Learning, one-stop- English</i>) prensa, plataformas de audio e video.

11.1. Avaliación e recuperación da materia do curso anterior pendente.

Dende a Xefatura do departamento, créase na Aula Virtual do IES un curso específico para alumnado pendente, onde están matriculados e teñen acceso aos contidos esixibles nas probas de recuperación da materia e ao formato da mesmas. A proba para todo o alumnado con inglés pendente baséase nos bloques de contidos 3, 4 e 5 (polo tanto non inclúe *listening* nin *speaking*).

Para o cálculo da nota de pendentes, se o alumnado ten superada a primeira avaliación do curso correspondente, engadirase un punto a maiores da nota acadada na primeira convocatoria do

exame de pendentes que se realizará en xaneiro. O mesmo procedemento respecto á segunda avaliación. aplicarase para calcular a nota na segunda convocatoria en abril.

Co obxecto de facilitar ao alumnado a recuperación da materia pendente do curso anterior, cada profesor farase responsable de monitorizar o traballo do alumnado do seu grupo, ao que lle facilitará material para repaso na casa se así o solicitan, correxirá o traballo que entregue e tratará de resolver as dúbidas no tempo do que dispoña en clase. Para a preparación das probas de recuperación, cada profesor poderá facilitar ao alumnado os libros de texto do fondo de libros que xa non se utilizarán nos vindeiros cursos LOMLOE se así o estima necesario.

11.2. Avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan tomar como consecuencia dos seus resultados.

A principios do 1º trimestre é preceptivo levar a cabo unha avaliación inicial do alumnado da ESO, co fin de detectar posibles carencias e recomendar medidas de recuperación e reforzo. Na sesión conxunta de avaliación non se dan notas numéricas senón que se ofrece información sobre o nivel de coñecementos, actitude, etc do alumno, con todo o profesorado realiza unha proba escrita a finais do mes de setembro ou principio de outubro. O profesorado de 1º ESO recolle as observacións feitas durante as primeiras semanas do curso no caderno de notas, así como pequenas probas de redacción, preguntas orais, etc. Con estes elementos están en condicións de indicar qué alumnado precisa medidas de reforzo e ditas observacións serán tidas en consideración polo profesorado que imparte docencia no curso.

Nos outros niveis, o profesorado recibe información dos titores de cursos anteriores, do departamento de orientación e do profesorado de inglés dos cursos anteriores. Ao non ter a posibilidade de asistir a clases de recuperación pola tarde nin existir agrupamentos flexibles ou desdobres para inglés, o peso da posta ao día da materia recae necesariamente no propio alumnado, aínda que o departamento está sempre disposto a colaborar con aportación de material de repaso e reforzo en todos os soportes, así como co seu asesoramento ás familias que así o soliciten.

11.3 Avaliación cando a actividade lectiva non fose presencial

Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: valoración do grado de progreso, aproveitamento e consecución dos obxetivos por parte do alumnado, mediante as tarefas e probas esixidas para consolidar contidos de carácter gramatical e léxico, así como a comprensión e produción de textos orais e escritos e centradas no desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles .
	Instrumentos: listening C.(escoita), Speaking (exposicións orais), Reading C. (Comprensión escrita) Writing (expresión escrita: opinion essay, discussion , formal/informal emails, narrative, etc) exercicios gramaticais, quizzes (tests)

	através da Aula Virtual e/ou Webex.
Cualificación final	As porcentaxes para o cálculo da nota final serán as mesmas que as utilizadas no caso da actividade lectiva presencial que figuran no presente documento.
Proba extraordinaria	Realizarase mediante unha proba escrita que avaliará os estándares de aprendizaxe imprescindibles desenvolvidos e basearase nos bloques de comprensión e produción escrita e coñecemento da lingua que fosen traballados no curso. En caso necesario requerirase ao alumnado una proba oral telemática via Webex.
Alumnado con materia pendente	Criterios de avaliación: valoración do progreso nas tarefas realizadas no curso presente máis as tarefas escritas realizadas do curso pendente.
	Criterios de cualificación: Todo o peso da cualificación recaerá na realización dos boletíns de exercicios, ante a imposibilidade de realizar as probas escritas de xaneiro ou maio. A entrega dos mesmos e o traballo minimamente ben realizado serán valorados para obter unha cualificación positiva
	Procedementos e instrumentos de avaliación: realización dos boletíns de exercicios e correccións dos mesmos. O alumnado pendente realizará unha proba global a través da aula virtual en xaneiro, que no caso de non ser superada deberase repetir en maio. En caso necesario, requerirase ao alumno unha proba oral via Webex.

13. “REFORZO”/ “AFONDAMENTO” EN 2º BACHARELATO

DOG Núm.120 do Luns, 29 de xuño de 2015 Páx. 25451, punto 4 do artigo13 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño:

“No horario establecido como de libre configuración os centros docentes poderán optar por dedicalo ao afondamento e/ou reforzo dalgunha das materias recollidas neste artigo...”

DOG Núm. 144 do Luns 1 de agosto de 2016 Páx33866:

“Cando no horario establecido como de libre configuración do centro se opte por dedicalo ao afondamento e/ou reforzo dalgunha materia, tal e como está disposto no punto 4 do artigo 13 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño,a súa avaliación estará integrada na materia obxeto do afondamento e/ou reforzo.

TEMPORALIZACIÓN

O curso desenrolarase en aproximadamente 28 horas lectivas ao longo do ano escolar. Todos e cada un dos estándares de aprendizaxe serán traballados ao longo do proceso de aprendizaxe facendo especial fincapé no BL 2 (Produción de textos orais).

CONTIDOS

- Intercambio de información, opinións, crenzas e puntos de vista.
- Expresión dos sentimentos sobre xente e acontecementos e expresión de interese sobre o que outra xente ten que dicir.
- Establecemento e xestión da comunicación e organización de procesos.
- Descrición de procesos.
- Formulación de suxestións, desexos, condición e hipótese, consellos.
- Expresión de interese, esperanza e arrepentimento.
- Expresión da curiosidade, o coñecemento, a certeza, a confirmación a dúbida, a conxectura o escepticismo e a incredulidade.
- Expresión da vontade, a intención, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición, a exención e a obxección.
- Comprensión, reflexión e expresión de información de noticias e temas de actualidade.

AVALIACIÓN

O traballo desenvolvido polo alumnado no reforzo poderá valorarse positivamente na calificación trimestral da materia de Lingua Inglesa co incremento de ata un máximo de 1 punto sobre a nota, dependendo dos resultados das actividades, probas e proxectos elaborados ao longo do trimestre. O alumnado que non faga o traballo requerido para esa clase será valorado negativamente obtendo un cero sobre a nota da materia de referencia. A mera asistencia ás clases de Reforzo non garante a subida da nota na asignatura de Inglés.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

♣ Á espera de confirmación por parte da vicedirección no momento de entrega desta programación, estas son as actividades solicitadas por curso e nivel, coas datas e lugar de celebración:

- TEATRO 2º ESO: Treasure Island na sala Salesianos de Vigo o 19/01/2023 Compañía Transeduca
- TEATRO 3º ESO: The Phantom of the Opera na sala Salesianos de Vigo o 15/02/2023 Compañía Transeduca
- Maxia 3º ESO: Magia na manga en inglés :14 decembro no salón de actos do centro.
- Contacontos Inglés/Galego 1º Bacharelato: 23 de xaneiro no salón de actos do centro.
- Grabación dunha canción cun estudio de grabación profesional: 1º Bach, PDC, 2º e 3º ESO no mes de Abril no salón de actos .

♣ **Participación en programas de inmersión lingüística:** o departamento informa ao alumnado de todas as convocatorias para cursos e actividades promovidas polo Concello, a Xunta, Ministerio e outras entidades, animándoos a solicitarlas e facilitándolle o procesos de solicitude. Asimesmo, o profesorado está disposto para atender as dúbidas dos pais/nais que prefiran falar co departamento antes de presentar a devandita solicitude. O noso alumnado de ESO e Bacharelato participa neste curso 22-23 no Programa de Inmersión *Lingüística Vigo en Inglés (PILI)* do

Concello de Vigo para alumnado de 4º ESO e 1º de Bacharelato en varias quendas dende o mes de setembro ata mediados do mes de outubro.

♣ **Participación en concursos e actividades que fomenten o uso da lingua**

inglesa: O departamento favorece a participación nos concursos que podan resultar de interese para o alumnado. Estamos atentos/as ás convocatorias que diversas organizacións e entidades convocan ao longo do curso por se poden ser de interese para o noso alumnado.

♣ **Colaboración con outras actividades:** O profesorado do departamento ofrecen a súa colaboración para as actividades de todo tipo organizadas polos diferentes departamentos ou seminarios que se realicen no centro e podan ser de interese para acadar os nosos obxectivos. Neste curso 22-23 os departamentos de Galego e Inglés colaboran no proxecto de radio do centro *O Son da Noca*.

15. FOMENTO DA LECTURA: CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN LECTOR

Co fin de fomentar a lectura autónoma de textos distintos dos dos libros de clase, o departamento acordou utilizar libros de lecturas graduadas da seguinte maneira:

En 2º ESO haberá unha lectura obrigatoria no 2º trimestre : *A Ghost Collection* . Ed Burlington

En 3º ESO o alumnado lerá por grupos de nivel as adaptacións dos seguintes títulos: *Diary of a young girl: Anne Frank* e *The Picture of Dorian Gray*. A biblioteca ten exemplares de diversas editoriais e niveis que os alumnos poden tomar en préstamo se o precisan.

En 4º ESO haberá unha lectura obrigatoria no 2º trimestre : *The hunt of Jack the Ripper*. Ed. Burlington.

En 2º Bacharelato, lectura obrigatoria de dous relatos curtos, sendo todos eles en versión orixinal aínda por determinar.

O profesorado pode dar aos alumnos/as a posibilidade de escoller nivel de dificultade e título do libro para que se adapten ás súas capacidades e gustos persoais ou pode sinalar unha única lectura común, segundo o seu criterio.

No caso dos libros de lectura obrigatoria, teranse en conta para a avaliación (por medio de entrega de ficha de lectura, preguntas no examen, traballo, exposición oral, etc).

As probas ordinaria e extraordinaria de xuño poden incluír tamén preguntas sobre estas lecturas obrigatorias.

En cada curso o profesorado pode ofrecer a posibilidade de que os alumnos voluntariamente lean os libros de lectura clasificados por niveis que ofrece a biblioteca. A finalidade disto é facilitar, tanto por nivel como por gustos, que a lectura se “adapte” ao alumno/a e lle resulte máis un pracer

que unha obriga. Un exemplar dos libros de lectura obrigatoria atópase na biblioteca do centro e o resto de cada un dos títulos está na biblioteca do departamento, á que os alumnos están invitados a botar unha ollada aos libros expostos e logo collelos en préstamo dende a biblioteca. De todos xeitos, animamos aos alumnos para que, na medida do posible, merquen os libros que logo poden intercambiar cos compañeiros. Nalgúns grupos o profesorado pode optar por obrigar ao alumnado a ler un mesmo título co fin de tratar un mesmo tema ou realizar tarefas sobre él en común.

A oferta de títulos de todos os niveis da biblioteca do centro é moi amplo, polo que non sería práctico achegar aquí unha relación dos mesmos.

Asimesmo, o departamento toma parte activa na **Hora de Ler**, actividade recollida no Plan Lector do centro. Durante ese tempo todos os alumnos/as deben escoller un libro que lles apeteza para lelo de xeito individual, sen ter a obriga de presentar logo ningún traballo. Dende o departamento de inglés animamos a escolla dun libro en inglés, ofrecéndolles os fondos da biblioteca e aconsellando sobre niveis e temas, pedíndolles tamén que contribúan coas súas recomendacións ao blog da biblioteca.

Tamén tratamos de promocionar a lectura de libros en inglés entre o profesorado, tratando cada ano de ampliar a oferta de libros non adaptados, senón en versión orixinal para adultos, regalados polas diversas editorais.

Cando se organiza algunha actividade na biblioteca, por exemplo, as exposicións temáticas realizadas en cursos anteriores (*“Novela negra”*, *“Verne”*, *“Roma no mundo”*...), os concursos (*“Cartas de amor”*, *“Contos de medo”*...) o departamento contribúe cos libros en inglés relacionados co tema, facendo unha exposición, colaborando cos textos en inglés, elaborando materiais de aula, etc. Dúas profesoras do departamento fixéronse cargo o curso pasado de cadansúa sesión do **Clube de Lectura** organizado pola biblioteca para alumnado de ESO con propostas diferentes e dirixido por unha destas profesoras. Este curso volveremos participar da experiencia.

16. FOMENTO DAS TIC: CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN TIC.

Dentro das actividades didácticas do Departamento tratamos, na medida do posible, de fomentar o uso das TIC. Os materiais curriculares escollidos van acompañados de cadanseus libros dixitais de uso na aula, e asociados a páxinas web de uso exclusivo para o alumnado con todo tipo de materiais interactivos, tanto para o traballo persoal na casa como para o traballo conxunto na aula. Asimesmo, todos os alumnos teñen á súa disposición unha licenza gratuita da editorial para utilizar o libro dixital nas súas casas.

As aulas virtuais de cada profesor e curso do Departamento de Inglés están ativas e funcionando para dar servizo a todos os alumnos, tanto aos que se atopan confinados nas súas casas, como aos que asisten a clase presencial con normalidade. A maioría do alumnado do instituto está familiarizado, logo do confinamento no curso pasado, co uso da aula virtual. En calquera caso, todo o profesorado estamos a facer o esforzo de explicar e comprobar que coñecen as ferramentas, o funcionamento das tarefas de entrega e probas que se realizarán na aula virtual en caso de que non se podan realizar presencialmente no centro.

Os recursos cos que contamos son: aulas cun canón de vídeo, un ordenador portátil e pizarras dixitais. Ademais, no despacho do departamento existen dous ordenadores para uso dos profesores. Hai tres aulas de informática que case sempre están ocupadas polos profesores de tecnoloxía, informática, etc. polo que o seu uso necesariamente ten que ser esporádico.

De todos xeitos, tratamos de fomentar o uso alomenos individual das TIC na aula dos seguintes xeitos, seguindo as suxerencias aportadas polo coordinador de TIC na reunión da Comisión Pedagóxica:

- ♣ Seguemento do curso na Aula Virtual creada por cada profesor do departamento.
- ♣ Búsqueda de información, lectura de páxinas web etc como tarefas a realizar na casa,
- ♣ Uso de webs dos libros de texto, uso do libro dixital e outros materiais online,
- ♣ Unidades sobre o tema de IT en todos os niveis (vocabulario, ICT jargon, etc),
- ♣ Énfase na corrección formal dos traballos presentados por ordenador (puntuación, uso do corrector de ortografía, etc),
- ♣ Uso da pizarra electrónica

17. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Os criterios utilizados polo departamento de inglés para avaliar a programación son os seguintes:

- ♣ A adecuación de contidos ás características e necesidades do alumnado.
- ♣ A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado. Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolléranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.
- ♣ O grao de desenvolvemento da programación didáctica. Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

18. PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN COA FINALIDADE DE QUE O ALUMNADO RECUPERE AS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NON ADQUIRIDAS NO CURSO ANTERIOR

A propia natureza da asignatura de Lingua Estranxeira, baseada na adquisición e revisión continua de contidos e procedementos, facilita enormemente o labor do profesorado para recuperar as aprendizaxes imprescindibles que non se adquiriron no curso anterior por mor da pandemia. Deste xeito, e como todos os anos, durante o primeiro mes de clase trátase sempre de homoxeneizar o nivel do alumnado revisando todo o que é pertinente para o desenvolvemento satisfactorio da materia antes de avanzar no currículo do presente ano.

O propio libro do estudante comeza por unha unidade *Starter* de intenso repaso dos elementos máis importantes do curso anterior, xa que en calquera lingua estranxeira non se pode dar un paso adiante sen ter ben afinado o léxico, gramática e destrezas tanto orais como escritas pertencentes ao currículo do ano precedente.

Non obstante, o alumnado que o precise terá un reforzo individualizado con seguemento por parte do profesorado do seu curso, quen lle proporcionará e evaluará o material que considere necesario para que o alumnado poda solventar as carencias derivadas da excepcionalidade do curso anterior.

19. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE NO CASO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Información e publicidade	
Información ao alumnado e as familias	<ul style="list-style-type: none"> - O procedemento que o profesorado deste departamento empregará para informar ao alumnado será sempre a AULA VIRTUAL. - Também se poderá informar a través do correo electrónico - Todo o alumnado (por grupo-clase) recibirá semanalmente a información sobre as tarefas: comunicaráse que as tarefas semanais están na plataforma virtual Moodle. - As tarefas semanais (o seu número pode variar dependendo da súa lonxitude e complexidade) subiranse cada luns ao aula virtual e comunicaranse ao alumnado e ás súas familias no caso en que o alumno non está cumprindo coa súa obriga de entregalas. - As tarefas serán perfectamente accesibles para o alumnado, agrupadas por semanas e sinalizadas en dous apartados: tarefas de reforzo e ampliación, e tarefas de recuperación. - O alumnado recibirá feedback inmediato á entrega das tarefas ou a calquera dúbida para a súa realización, ben a través da aula virtual ou do correo electrónico. - Haberá unha sesión semanal con cada grupo-clase a través de vídeo conferencia, para resolver dúbidas e aclarar conceptos.
	Utilizarase ABALAR para a comunicación coas familias.
Publicidade	Calquera información pertinente será publicada obrigatoriamente na PÁXINA WEB DO CENTRO.

